

IES SAN TOME DE FREIXEIRO

Estándares de aprendizaxe e indicadores de logro.

**1º E.S.O
XEOGRAFÍA E HISTORIA**

CURSO 2018-19

CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E INDICADORES DE LOGRO: Grao mínimo de consecución 50% .

Considerarase superada a materia cando o alumnado consiga cumprir a metade do total dos seguintes indicadores:

1. Identificar os elementos que compoñen o sistema solar e coñecer as dimensións e trazos da Terra.
2. Identificar o ángulo de inclinación do eixe da Terra respecto ó plano da eclíptica.
3. Relacionar a inclinación do eixe da Terra cos paralelos que delimitan as zonas bioclimáticas: Círculo Polar Ártico, Trópico de Cáncer, Ecuador, Trópico de Capricornio, Círculo Polar Antártico.
4. Identificar as zonas bioclimáticas do planeta: Frías, Temperadas e Cálida.
5. Identificar os movementos de rotación e translación.
6. Relacionar o efecto da rotación co día e a noite e o da translación coas estacións do ano.
7. Relacionar os fusos horarios cos graos da esfera terrestre e as 24 horas do día.
8. Calcular a diferenza horaria entre dous puntos determinados da Terra.
9. Diferenciar os tipos de proxección básicos: cilíndrica e cónica.
10. Identificar unha proxección de Mercator e outra de Peters recoñecendo as vantaxes e inconvenientes de cada unha delas para representar a Terra.
11. Calcular escalas cartográficas.
12. Diferenciar os distintos tipos de mapas: topográficos, temáticos
13. Distinguir distintos tipos de imaxes de satélite.
14. Representar as coordenadas terrestres diferenciando paralelos e meridianos.
15. Localizar nun planisferio varios puntos xeográficos do hemisferio norte e do sur.
16. Localizar puntos alonxados entre si sobre a Terra utilizando a rede de coordenadas xeográficas (un punto de referencia).
17. Localizar espazos xeográficos utilizando datos de coordenadas xeográficas (máis de un punto de referencia).
18. Identificar os climas máis representativos de cada zona climática do mundo a través da elaboración de climogramas
19. Diferenciar entre elementos e factores do clima e recoñecer os factores e os elementos que determinan o clima dun determinado territorio.
20. Establecer as características das grandes zonas climáticas da Terra.

- 21.Elaborar un mapa situando os principais climas do mundo.
- 22.Identificar no mapa de Europa a zona onde se dan os tipos de clima máis importantes.
- 23.Clasificar os climas identificados de cada zona de Europa (continental, mediterráneo, oceánico, de montaña) explicando as súas características termopluvométricas.
- 24.Comprender que é un bioma, localizar os principais biomas do planeta e sistematizar as súas principais características. (ecuatorial, tropical, desértica, mediterránea, etc.).
- 25.Localizar nun mapa os biomas máis importantes de Europa.
- 26.Identificar nun mapa físico de Europa os principais espazos naturais.
- 27.Recoñecer unha imaxe de satélite de Europa e identificar nela os principais espazos naturais.
- 28.Comprender como se produce a interacción do ser humano e o medio ambiente e que efectos recíprocos provoca.
- 29.Recoñecer os principais riscos naturais, así como os provocados pola acción do ser humano.
- 30.Ser quen de buscar páxinas web sobre problemas medioambientais actuais.
- 31.Describir e/ou expoñer un problema ambiental actual a partir da información obtida.
- 32.Nomear e identificar catro fontes históricas: elementos materiais, textos escritos, fontes orais e imaxes.
- 33.Interpretar información extraída de diferentes fontes.
- 34.A partir dunha cronoloxía dada, elaborar un eixe cronolóxico da prehistoria e a historia levando a el os feitos salientables que marcan o paso das Idades: Antiga, Media, Moderna e Contemporánea.
- 35.Elaborar un árbol xenealóxico ou un eixe cronolóxico do proceso de hominización desde os primeiros australopitecus ata a aparición do Homo Sapiens.
- 36.Establecer a diferenza entre prehistoria e historia.
- 37.Diferenciar as distintas etapas da prehistoria: paleolítico e neolítico.
- 38.Coñecer o xeito de vida dos grupos cazadores-recolectores da Prehistoria e
analizar os restos materiais das súas actividades cotiás (ferramentas, obxectos de
adorno, vestido, etc.) e as súas principais manifestacións artísticas.
- 39.Explicar as orixes do Neolítico, o desenvolvemento da agricultura e da gandería e o proceso de sedentarización dos grupos humanos

40. Relacionar o descubrimento da agricultura coas tarefas recolectoras da muller.
41. Analizar os cambios que se producen no Neolítico que o caracterizan como unha revolución e as consecuencias destes cambios.
42. Localizar e describir as áreas xeográficas nas que xurdiron as primeiras civilizacións urbanas.
43. Ordenar nun eixe cronolóxico as etapas da Historia Antiga: Primeiras civilizacións (Exipto, Mesopotamia), Grecia e Roma.
44. Recoñecer a importancia do desenvolvemento da metalurxia, a artesanía e máis o comercio na evolución social e cultural das sociedades.
45. Relacionar a aparición dos primeiros imperios coa apropiación do excedente agrario por unha clase social dominante e o descubrimento da metalurxia.
46. Analizar as principais características das civilizacións exipcia e mesopotámica (economía, sociedade, arte, etc.) e localizar no tempo as orixes da escritura.
47. Identificar nun mapa histórico-xeográfico da expansión exipcia a evolución do Imperio Antigo e do Imperio Novo desde o delta do Nilo ata as cataratas do Sur, relacionandoa coas principais dinastías.
48. Coñecer os aspectos máis significativos da relixión exipcia.
49. Delimitar no tempo e no espazo a civilización grega.
50. Analizar as raíces desta civilización no contexto dos cambios vividos na zona.
51. Comprender a evolución histórica da cultura grega.
52. Diferenciar de forma crítica os diferentes modelos de organización política, social e económica desenvolvidos na cultura helénica.
53. Identificar as principais características e as obras máis relevantes de cada unha das etapas artísticas gregas.
54. Relacionar algúns dos trazos da nosa civilización actual con aspectos propios da civilización grega.
55. Analizar as principais características da civilización grega (orixes, as polis, colonización, economía e sociedade).
56. Coñecer os aspectos máis importantes da cultura grega (filosofía, ciencia, poesía, teatro, relixión, arte).
57. Delimitar no tempo e no espazo a civilización romana.
58. Analizar as principais características da civilización romana (orixes, monarquía e república, economía e sociedade, caída do imperio)
59. Coñecer a evolución da expansión romana polo Mediterráneo.

60. Identificar as principais características e as obras máis relevantes da arte romana.
61. Relacionar algúns dos trazos da nosa civilización actual con aspectos propios da civilización romana.
62. Coñecer os aspectos máis importantes da cultura romana (arte, relixión).
63. Analizar as raíces da Antigüidade peninsular desde a chegada dos distintos pobos colonizadores.
64. Comprender as características dos diversos pobos que habitaban a Península na Antigüidade.
65. Diferenciar as etapas e o proceso de conquista e romanización de Hispania.
66. Identificar as principais características da Hispania romana e os restos da época que hoxe perduran.
67. Coñecer as circunstancias que rodearon a fin da Antigüidade na Península.
68. Localizar no tempo as distintas etapas de Galicia na prehistoria e na Antigüidade.
69. Analizar as raíces da Antigüidade en Galicia desde a chegada dos distintos pobos colonizadores.
70. Coñecer as características dos diversos pobos que habitaban en Galicia na Antigüidade.
71. Diferenciar as etapas e o proceso de conquista e romanización de Galicia.
72. Identificar as principais características da Galicia romana e os restos da época que hoxe perduran.
73. Coñecer as circunstancias que rodearon a fin da Antigüidade en Galicia.

RELACIÓN DE UNIDADES DE RELEVO QUE DEBERÁN RECOÑECER NOS MAPAS

Nesta selección de unidades de relevo tívose en conta a base que os alumnos deben traer de primaria, ampliándose os accidentes xeográficos destas zonas para aumentar os contidos dun xeito gradual.

MAPA DE ÁFRICA

CABOS: Boxador, Verde, Boa Esperanza, Agullas, Guardafuí.

ILLAS: Cabo Verde, Canarias, Madagascar.

GOLFOS: Gabés, Guinea, Benguela, Adén, Sidra.

BAHÍAS: Sofala, Maputo.

MACIZOS ANTIGOS: Etiópico, Tibesti, Ahaggar, Drakensberg

CORDILLEIRAS DE PREGAMENTO: Atlas, (Atlas Sahariano).

PICOS: **Kilimanxaro**
RÍOS: **Nilo, Níxer, Congo, Zambeze, Limpopo**
FALLAS: **Rif Valley**
PENÍNSULAS: **Somalia**
DESERTOS: **do Sahara, de Libia, de Nubia, de Arabia, de Kalahari.**
LAGOS: **Chad, Victoria, Malawi, Tanganica**
ESTREITOS: **Bab el Mandab, Gibraltar, Canal de Mozambique, Canal de Suez**
(artificial).
MARES: **Vermello.**

MAPA DE ASIA

CABOS: **Lopatka, Comorin.**
ILLAS: **Xapón** (Honshu, Shikoku, Kyushu), **Kurís, Filipinas, Borneo, Sumatra, Java, Ceilán, Formosa, Sajalín**
GOLFOS: **Pérsico, Omán**
CORDILLEIRAS DE PREGAMENTO: **Himalaia, Zagros, Montes Tauro, Urais**
MESETAS: **Meseta de Mongolia, Meseta do Tibet**
PICOS: **Everest**
MARES: **Mar de Bering, Mar de Xapón, Mar de China Oriental, Mar de China Meridional, Mar Arábigo, Mar de Aral, Mar Caspio**
RIOS: **Obi, Yenisei, Lena, Amarello, Azul** (lang-Tse-Kiang), **Mekong, Ganxes, Indo, Tigris, Eúfrates.**
PENINSULAS: **Kanchatka, Corea, Indochina, Malaca, Indostán, Arábigo, Anatolia**
DESERTOS: **Gobi** (reg)
LAGOS: **Baikal**
ESTREITOS: **Bering, Corea, Bab el Mandab**

MAPA DA ANTÁRTIDA (Antártida oriental e occidental)

MACIZOS ANTIGOS: **Escudo antártico**
CORDILLEIRAS DE PREGAMENTO: **Montes Transantárticos**
MESETAS: **Meseta Polar**
PENÍNSULAS: **Península Antártica**
PLATAFORMAS DE XEO: **Larsen**

MAPA DE OCEANÍA, AUSTRALIA e NOVA ZELANDIA

Micronesia, Polinesia, Melanesia (Nova Guínea, Novas Hébridas, Nova Caledonia).

CORDILLEIRAS DE PREGAMENTO: **Gran Cordilleira Divisoria**

MAPA DE AMÉRICA

CABOS: **Cañaveral, Hornos**

GOLFOS: **bahía de Hudson, golfo de San Lorenzo, golfo de Mexico, golfo de Honduras, golfo de California, golfo de Alaska, bahía de Todos os Santos**

ILLAS: **Groenlandia, Grandes Antillas (Cuba, Española, Jamaica), Pequenas Antillas (Porto Rico) Terra de Fogo**

PENINSULAS: **Labrador, Florida, Yucatán, California, Alaska**

MACIZOS ANTIGOS: **Montes Apalaches, Macizo das Guaianas**

CORDILLEIRAS DE PREGAMENTO: **Montañas Rochosas, Andes, Serra Madre**

MARES: **Mar do Labrador, Mar Caribe, Mar de Bering**

ESTREITOS: **Magallanes, Bering**

RIOS: **Yukon, San Lorenzo, Mississipi, Missouri, Río Grande, Amazonas, Orinoco, Paraná.**

DESERTOS: **de Atacama**

LAGOS: **Grandes Lagos** (Superior, Michigan, Hurón, Eire, Ontario)

MAPA DE EUROPA

CABOS: **Norte, San Mathieu, San Vito, Matapán**

GOLFOS: **Botnia, Finlândia, Vizcaya, León, Génova**

MARES CONTINENTAIS: **Báltico, Mediterráneo, Blanco, Negro, Azov**

MARES LITORAIS: **Cantábrico, Tirreno, Adriático, Jónico, Egeo**

MARES PECHADOS: **Caspio**

ESTREITOS: **Canal da Mancha, Canal do Norte, Estreito de Gibraltar, Estreito de Bósforo, Estreito de Dardanelos**

PENINSULA: **Kola, Escandinava, Jutlândia, Bretaña, Ibérica, Itálica, Balcánica, Crimeia, Peloponeso**

ILLAS: **Islandia, Británicas (Irlanda, Gran Bretaña), Baleares, Córcega, Cerdeña, Sicilia, Creta, Chipre**

RIOS: **Pechora, Vístula, Oder, Elba, Rin, Sena, Loira, Garona, Ródano, Po, Danubio, Don, Volga, Ural**

CORDILLEIRAS DE PREGAMENTO: **Montes Escandinavos, Cadena Penina, Alpes, Apeninos, Balcanes, Cárpatos, Cáucaso, Ural**

11.1.1.6. COMPETENCIAS CLAVE E A SÚA AVALIACIÓN

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

- Definir termos xeográficos e históricos.
- Ler e comprender textos xeográficos e históricos.
- Sintetizar textos xeográficos e históricos.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

- Calcular e comparar distancias.
- Facer operacións sinxelas con medidas de ángulos (fusos horarios)
- Orientarse nun plano.
- Localizar puntos nun mapa.
- Interpretar e analizar imaxes xeográficas.
- Interpretar e analizar mapas xeográficos e históricos.

COMPETENCIA DIXITAL

- Buscar información en internet.
- Obter información de distintos medios.
- Interpretar e expoñer a información.

COMPETENCIA SOCIAIS E CÍVICAS

- Informarse e saber expresar por diversas canles o compromiso ante problemas xeográficos, históricos ou artísticos.
- Aprender o valor do propio patrimonio ambiental, histórico e cultural.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI

- Interpretar e analizar imaxes históricas.
- Datar axeitadamente diversos acontecementos.
- Interpretar e comentar obras artísticas.
- Datar correctamente diversas obras de arte.

APRENDER A APRENDER

- Elaborar mapas conceptuais.
- Realizar cadros comparativos.
- Elaborar e analizar eixes cronolóxicos.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR

- Buscar información sobre feitos xeográficos e históricos.
- Participar de forma activa en debates.

Para a avaliación das Competencias clave terase en conta a relación entre estas e os estándares de aprendizaxe que figuran nos cadros do apartado 11.1.1.2.

IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO

Estándares de aprendizaxe e indicadores de logro.

**2º E.S.O
XEOGRAFÍA E HISTORIA**

CURSO 2018-19

CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

INDICADORES DE LOGRO: Grao mínimo de consecución 50%

Considerarase superada a materia cando o alumnado consiga cumprir a metade do total dos seguintes indicadores:

1. Ordenar os acontecementos históricos en eixes cronolóxicos e localizalos no espazo a fin de adquirir unha perspectiva global da evolución histórica da Humanidade que teña en conta os procesos de cambio e de permanencia.
2. Describir a organización territorial do Imperio Carolinxio
3. Coñecer a base económica do Imperio Carolinxio
4. Analizar os elementos que, trala morte de Carlomagno, propiciaron o nacemento do feudalismo.
5. Coñecer as orixes do Islam
6. Identificar os preceptos básicos do Islam
7. Analizar as diferentes fases da expansión do Islam trala morte de Mahoma.
8. Saber cómo se produciu a conquista árabe da Península Ibérica, indicando as batallas, as datas e os personaxes máis representativos deste período histórico.
9. Localizar nun eixe cronolóxico as distintas etapas da historia de Al-Andalus.
10. Recoñecer os distintos grupos que formaban a sociedade de Al-Andalus e comprender as causas das conversións relixiosas.
11. Coñecer a base económica de Al-Andalus e identificar os cultivos e as innovacións técnicas que os árabes introduciron na Península.
12. Recoñecer os edificios e monumentos máis emblemáticos de Al-Andalus e enumerar as grandes achegas da cultura musulmana ao mundo occidental.
13. Coñecer a evolución das zonas de fronteira entre o mundo cristián e musulmán na Península Ibérica entre os séculos VIII-XV.
14. Analizar as causas da Reconquista e o proceso de repoboamento dos territorios ocupados.
15. Localizar no mapa as etapas máis importantes da Reconquista .
16. Distinguir a arte e a cultura das distintas comunidades que conviviron na Península: xudeus, mozárabes, mudéxares, etc.
17. Explicar a composición e os trazos distintivos dos distintos estamentos da sociedade medieval: modo de vida, nivel de riqueza, actividades económicas, etc.
18. Entender os pactos de fidelidade e vasalaxe que establecían os distintos grupos sociais que integraban o sistema feudal.
19. Describir distintos edificios característicos do mundo rural da Idade Media: o castelo, o mosteiro, as vivendas dos campesiños.
20. Explicar o funcionamento dun feudo e o tipo de relacións que os campesiños mantiñan cos señores feudais así como os pactos de fidelidade e vasalaxe.
21. Coñecer as orixes da cidade medieval, identificar os seus principais edificios e recoñecer as actividades económicas que se desenvolvían no seu interior, dedicando unha especial atención ó funcionamento dos gremios.
22. Coñecer a composición e as formas de vida dos distintos grupos sociais que habitaban a cidade medieval, facendo especial fincapé na nova clase social: a burguesía.

23. Identificar nun mapa a consolidación e o avance dos reinos cristiáns durante os séculos XI, XII e XIII.
24. Valorar a importancia do Camiño de Santiago na Idade Media como elemento revitalizante da economía e como vía de penetración das ideas e dos estilos artísticos.
25. Analizar as causas do renacer cultural das cidades no século XIII e valorar a función cultural e ideolóxica das Universidades a partir deste momento.
26. Comprender as novas necesidades relixiosas da vida urbana na Idade Media e valorar a función das Ordes Mendicantes neste período histórico.
27. Explicar os trazos distintivos da arte románica nas súas diversas manifestacións (arquitectura, escultura e pintura), destacando os principais monumentos e manifestacións artísticas das terras galegas.
28. Explicar os trazos distintivos da arte gótica nas súas diversas manifestacións (arquitectura, escultura e pintura), destacando os principais monumentos e manifestacións artísticas das terras galegas.
29. Coñecer a forma de goberno e as institucións dos Estados cristiáns da Península a partir do século XII, dedicando unha especial atención ás institucións galegas.
30. Coñecer os conflitos que tiveron lugar en Galicia ao longo da Baixa Idade Media entre o poder urbano do Concello e o señorial.
31. Comprender as orixes da Coroa de Castela e da Coroa de Aragón
32. Explicar os feitos máis importantes da expansión política e económica da Coroa de Aragón no Mediterráneo occidental.
33. Analizar o contexto social e político que conduce á rebelión dos irmandiños no século XV e as consecuencias deste movemento social.
34. Coñecer as causas da crise da Baixa Idade Media (séculos XIV e XV).
35. Coñecer as características da economía e a arte nazarí.
36. Identificar as tensións sociais que se produciron durante a Baixa Idade Media.
37. Localizar lugares de España e Galicia utilizando as coordenadas xeográficas
38. Situar nun mapa físico as principais unidades de relevo de España e Galicia (especificanse no apartado 11.1.2.4).
39. Identificar nun mapa as principais zonas bioclimáticas de España
40. Identificar nun mapa as principais zonas bioclimáticas de Galicia.
41. Identificar imaxes das paisaxes de España e Galicia relacionándoas coas a zonas bioclimática á que pertencen.
42. Identificar algúns dos problemas ambientais máis graves de España e Galicia.
43. Explicar os factores que determinan o desigual reparto da poboación no planeta.
44. Situar nun mapamundi as 20 cidades máis poboadas do planeta.
45. Definir os seguintes conceptos e taxas demográficas: densidade de poboación, taxa de natalidade, taxa de mortalidade, taxa de crecemento natural, estrutura demográfica.
46. Elaborar e interpretar pirámides de poboación.
47. Definir os seguintes conceptos: emigración, inmigración e saldo migratorio.
48. Coñecer as causas dos movementos migratorios
49. Coñecer o proceso da emigración galega as súas etapas e os seus destinos principais.
50. Distinguir entre poboamento rural e poboamento urbano
51. Coñecer os criterios que se utilizan para definir que é unha cidade

52. Definir os seguintes conceptos: función urbana, morfoloxía urbana
53. Distinguir as características das cidades nas tres fases máis importantes do proceso de urbanización: preindustrial, industrial e postindustrial
54. Recoñecer nun plano as partes dunha cidade española: centro histórico, ensanche e periferia.
55. Recoñecer os distintos tipos de planos
56. Definir sistema urbano e xerarquía urbana

11.1.2.4. RELACIÓN DE UNIDADES DE RELEVO QUE DEBERÁN RECOÑECER NOS MAPAS.

MAPA DE ESPAÑA

CABOS: Machichaco, Ajo, Peñas, Estaca de Bares, Ortegale, Fisterra, Trafalgar, Gata, Palos, Da Nao, Creus, Delta do Ebro

GOLFOS: Biscaia, Cádiz, Almería, Mazarrón, Valencia, Sant Jordi, de Rosas

MARES: Cantábrico, Mediterráneo, Mar Menor

MACIZOS ANTIGOS: Macizo Galaico, Sistema Central, Montes de Toledo, Serra Morena

CORDILLEIRAS DE PREGAMENTO: Cordilleira Cantábrica (Picos de Europa), Pireneos, Sistema Ibérico, Cordilleira Subbética, Cordilleira Penibética

MESETAS: Meseta Central

DEPRESIÓNS INTERIORES á Meseta Central: Submeseta Norte, Submeseta Sur

DEPRESIÓNS EXTERIORES: Depresión do Ebro, Depresión do Guadalquivir

RIOS: Bidasoa, Nervión, Nalón, Narcea, Eume, Tambre, Ulla Miño, Sil, Douro, Texo, Gadiana, Guadalquivir, Ebro, Odiel, Tinto, Segura, Xúcar, Llobregat, Ter. Afluentes dos principais ríos.

ILLAS : Baleares (Mallorca, Menorca, Ibiza, Formentera), Canarias (Lanzarote, Fuerteventura, Gran Canaria, Tenerife, Gomera, Hierro, La Palma)

PICOS: Teide, Mulhacén, Aneto.

MAPA DE GALICIA

SERRAS ORIENTAIS: Serra de Ancares, Serra do Courel, Serra de Queixa. Serra do Eixe

SERRAS SETENTRIONAIS: Serra da Capelada, Serra do Xistral. Faladoira,

SERRAS CENTRAIS: Serra da Loba, Serra da Cova da Serpe, Serra do Faro

RÍOS: Eo, Sor, **Eume, Tambre, Ulla, Léz, Oitavén, Lagares, Miño, Sil**, Xallas, Allóns

RIAS ALTAS: **Ribadeo, Viveiro, Barqueiro, Ortigueira, Ferrol, Betanzos, Coruña**

RIAS BAIXAS: **Muros i Noia, Arousa, Pontevedra, Vigo**

CABOS: **Estaca de Bares, Orteg, Prior, Vilán, Touriñán, Fisterra, Corrubedo, Silleiro.**

ILLAS: **Sisargas, Arousa, Sálvora, Ons, Cíes**

PICOS: **Pena Trevinca, Cabeza de Manzaneda, Xistral, Faro, Avión**

11.1.2.5. COMPETENCIAS CLAVE E A SÚA AVALIACIÓN

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

- Definir conceptos xeográficos e históricos.
- Ler e comprender textos xeográficos e históricos.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

- Interpretar gráficos.
- Interpretar mapas xeográficos e históricos.
- Representar informacións xeográficas.

COMPETENCIA DIXITAL

- Buscar, obter e seleccionar información do medio, de fontes escritas, iconográficas, gráficas, audiovisuais e proporcionadas polas tecnoloxías da información.
- Elaborar de forma escrita a información obtida.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURALS

- Recoñecer elementos básicos que caracterizan os estilos artísticos e interpretación de obras significativas considerando o seu contexto.
- Valorar a herdanza cultural e do patrimonio artístico como riqueza que hai que preservar e na conservación da cal hai que colaborar.

IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO

Estándares de aprendizaxe e indicadores de logro.

**3º E.S.O
XEOGRAFÍA E HISTORIA**

CURSO 2018-19

CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E INDICADORES DE LOGRO: Grao mínimo de consecución 50%

Considerarase superada a materia cando o alumnado consiga cumprir a metade do total dos seguintes indicadores:

1. Definir o significado dos termos específicos de cada unidade didáctica.
2. Analizar as transformacións demográficas, económicas e sociais que tiveron lugar nos inicios da Idade Moderna.
3. Saber como se articulou a unificación política da Península Ibérica durante o reinado dos Reis Católicos.
4. Analizar os poderes básicos da monarquía autoritaria dos Reis Católicos: Santa irmandade, Real Audiencia, sistema de concellos...
5. Coñecer a organización económica e social durante o reinado dos Reis Católicos.
6. Describir a expansión territorial levada a cabo polos Reis Católicos a través da análise da súa política internacional.
7. Coñecer as teorías xeográficas e os “erros” de Cristovo Colon.
8. Explicar como se produciu o descubrimento do continente americano.
9. Coñecer o modo de vida e a distribución xeográfica das sociedades precolombianas.
10. Coñecer a definición dos seguintes conceptos: Humanismo, Renacemento, Reforma e Contrarreforma.

11. Coñecer como se produciu a reforma eclesiástica protestante e identificar ós seus principais protagonistas.
12. Analizar a reacción da Igrexa católica e o proceso de Contrarreforma relixiosa.
13. Identificar as medidas que a Igrexa católica adoptou no Concilio de Trento.
14. Recoñecer o proceso de aparición dunha nova concepción da arte: o Renacemento.
15. Describir as características da arte italiana durante os séculos XV e XVI.
16. Identificar algunhas das obras máis representativas do Quattrocento e do Cinquecento.
17. Coñecer as características máis importantes da arte renacentista en España.
18. Saber quen foron os reis españois da Casa de Austria ou de Habsburgo.
19. Coñecer a orixe e evolución da dinastía dos Habsburgo desde Carlos I, Filipe II, construtores dun grande imperio europeo e americano, ata Filipe III, e Carlos II, momento en que o imperio entrou nunha profunda decadencia.
20. Identificar os principais problemas e guerras ás que tivo que facer fronte Carlos V e Filipe II.
21. Explicar os distintos órganos de goberno e institucións da monarquía dos Habsburgo.
22. Coñecer o funcionamento da organización administrativa e económica do Imperio colonial.
23. Comprender as causas da decadencia política do século XVII e a perda da hexemonía dos Habsburgo en Europa.
24. Explicar as características da economía e da sociedade do século XVI-XVII.
25. Comprender os principios nos que se basea o absolutismo monárquico.
26. Identificar os novos valores culturais do Barroco: arte, relixión, filosofía e ciencia.
27. Recoñecer as características xerais da escultura, pintura e a arquitectura barrocas e identificar ós seus artistas máis importantes.
28. Recoñecer a importancia da revolución científica do século XVII; e explicar as contribucións dos científicos máis destacados.
29. Recoñecer as características da arquitectura, pintura e escultura barroca española.
30. Explicar as principais funcións do Estado e establecer diferenzas entre os distintos modelos de Estado.
31. Localizar os diferentes espazos xeopolíticos e culturais do mundo e coñecer as súas principais características.

32. Explicar que é a actividade económica e o papel que desenvolven os diferentes axentes económicos que interveñen nesta actividade.
33. Enumerar os factores de produción e as áreas produtoras do mundo.
34. Diferenciar as características do sistema capitalista dos doutros sistemas.
35. Comparar as situacións laborais das persoas no mundo laboral e establecer relacións de causa-efecto entre a regulación do mercado e as actividades do movemento obrero.
36. Explicar cales son os principais recursos naturais e diferenciar que problemas os afectan.
37. Relacionar os riscos naturais coas consecuencias para o ser humano.
38. Clasificar os recursos naturais segundo sean renovables o non renovables, explicando as súas características, localización e aproveitamento para os seres humanos.
39. Establecer relacións de causa-efecto entre a organización dos espazos agrarios e os factores que os explican.
40. Explicar os diferentes espazos agrarios, diferenciando as súas características e localizalos nun mapa do mundo.
41. Valorar as aportacións do alumno encamiñadas a conservar o medio natural e a criticar as actitudes e comportamentos da sociedade que danan os recursos naturais.
42. Enumerar as actividades que compoñen o sector secundario, explicar as diferenzas que hai entre este sector e os restantes sectores económicos.
43. Establecer os parámetros que diferencian ás industrias polo seu tamaño, desenvolvemento tecnolóxico e posición que ocupan no proceso de produción e explicar as condicións propias que precisa cada tipo de industria e que determinan a elección da súa localización.
44. Clasificar os principais avances de cada unha das tres revolucións industriais.
45. Relacionar as novas condicións da industria mundial coas causas que motivaron a relocalización de moitas empresas.
46. Citar os principais núcleos industriais do mundo actual diferenciando os históricos e os emerxentes.
- 47.** Delimitar as diferentes paisaxes industriais a través da súa historia, a súa ubicación e evolución.
48. Relacionar as distintas actividades que conforman o sector terciario e apreciar a importancia que alcanzaron no mundo actual.
49. Comparar a proporción do sector servizos co do primario e secundario no mundo actual e analizar por que medra o sector terciario distinguindo como o fai nos países desenvolvidos e nos subdesenvolvidos.

50. Clasificar os servizos segundo os distintos sectores e recoñecer as pautas da súa localización.
51. Distinguir as formas de consumo e as características dos novos espazos onde se desenvolven as estratexias comerciais.
52. Identificar as características dos medios de transporte e a importancia que o seu desenvolvemento tivo para o progreso económico e o desplazamento de persoas e mercancías.
53. Establecer relacións de causa-efecto entre o auxe do turismo e os profundos cambios que se produciron na sociedade e na paisaxe das zonas onde máis se desenvolveu.
54. Diferenciar as zonas do mundo atendendo á súa densidade de poboación.
55. Comparar os distintos parámetros para determinar a estrutura natural da poboación.
56. Clasificar os tipos de crecemento asociándoos ao grao de desenvolvemento de cada zona.
57. Identificar os principais movementos migratorios da historia e sinalar as súas consecuencias.
58. Explicar os principais fluxos migratorios da actualidade e as súas repercusións tanto na zona de recepción como de emisión.
59. Identificar as características dos núcleos rurais e urbanos e as súas diferencias e comentar as influencias que a cidade exerce sobre o medio rural e os cambios que a este respecto se están introducindo.
60. Explicar os trazos fundamentais do crecemento da poboación urbana e as súas proxeccións, e establecer relacións entre o grao de urbanización no mundo desenvolvido e subdesenvolto e as súas causas.
61. Comparar as características das cidades preindustriais, industriais e do século xx.
62. Diferenciar os elementos que caracterizan o centro e a periferia dunha mesma cidade.
63. Relacionar os problemas actuais das cidades coas causas que os producen.
64. Enumerar as funcións e actividades das cidades, e citar exemplos segundo as funcións e actividades.
65. Diferenciar as fases históricas polas que atravesou o proceso de globalización até chegar á situación actual e identificar os elementos que sinalan a globalización crecente dun mundo en continua evolución.
66. Localizar os fluxos que se producen no mundo actual de mercancías, persoas e información e comprobar o seu continuo crecemento.
67. Coñecer os elementos que potencian a globalización da tecnoloxía, as finanzas, as institucións e as empresas multinacionais, e clasificar as

estratexias que seguen as multinacionais para a súa expansión en todo o mundo.

68. Analizar o que propoñen os movementos antiglobalización.
69. Explicar as innovacións que se están producindo nos transportes a nivel mundial e que están determinando unha nova distribución dos fluxos de persoas e mercancías, así como os avances do sector das telecomunicacións que hoxe dominan o mundo.
70. Explicar as teorías do crecemento económico, do desenvolvemento humano e o desenvolvemento sostible e os indicadores que empregan cada unha delas.
